



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SOCORRISMO DIRIXIDO A CONCELLOS DO INTERIOR DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 50.000 HABITANTES DURANTE O EXERCICIO 2023.

D. VALENTIN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Por acordo número 25 da Xunta de Goberno da sesión celebrada o 20 de xaneiro de 2023 aprobáronse as Bases reguladoras do programa de subvencións dirixido a concellos do interior da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes durante o exercicio 2023 que foron publicadas no BOP do 6 febreiro de 2023 e feita a convocatoria por conduto da BDNS no BOP de 15 de febreiro de 2023 estando o prazo de presentación de solicitudes aberto ata o 10 de marzo de 2023.

Segundo.- Por Resolución de Presidencia número 2023 / 9773 aprobouse a modificación das bases reguladoras do programa. O texto íntegro das bases coa modificación foi publicado no BOP número de 50 de data 14 de marzo de 2023.

Terceiro.- Como consecuencia da modificación e para garantir a concorrência competitiva, resulta preciso conceder un novo prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria de subvencións. Esta ampliación permite que os concellos que xa formularon a súa solicitude no prazo transcorrido ata a aprobación da modificación desta convocatoria, poidan manter ou modificar a súa solicitude, e que aqueles que non a formularon poidan formulala tendo en conta as novas condicións.

En base aos antecedentes sinalados e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

1º. Aprobar un novo prazo para a presentación de **novas solicitudes ou modificación das solicitudes xa presentadas** da convocatoria do “Programa de socorrismo dirixido aos concellos de menos de 50.000 habitantes do interior da Provincia da Coruña durante o exercicio 2023”, de conformidade coa modificación das bases aprobadas polo Resolución de Presidencia número 2023 / 9773.

2º. As Bases reguladoras coa modificación incorporada foron publicadas no BOP núm. 50, do 14 de marzo de 2023, dispoñibles en https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/03/14/2023_0000001720.pdf

3º. O novo prazo de solicitude iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente resolución, que se une como anexo, e rematará ás 14:00 horas do día 5 de abril de 2023 tendo en conta que tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria,

realizárase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña: <https://sede.dacoruna.gal/>

4º. Notificar a presente resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo, non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se considere pertinente.

ANEXO

GALEGO

Consonte co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria do “Programa de socorrismo dirixido aos concellos de menos de 50.000 habitantes do interior da provincia da Coruña durante o exercicio 2023.”, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>)

Primeiro. Beneficiarios

Concellos do interior da provincia da Coruña, con poboación inferior a 50.000 habitantes, que teñan piscinas municipais ou praias fluviais

Segundo.- Obxecto

A finalidade deste programa é apoiar aos concellos do interior da provincia da Coruña no mantemento dos gastos da contratación de socorristas durante o exercicio 2023 por un prazo máximo de 3 meses, considerándose como subvencionables os gastos de contratación directa do persoal ou, no seu caso, os da externalización da prestación do servizo.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria ríxese polas Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 50, de 14 de marzo de 2023, dispoñibles en https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/03/14/2023_0000001720.pdf

Cuarto. Contía

O importe da consignación prevista ascende a un total de 306.000,00€, con cargo á partida 0510/3412/46201 do Orzamento ordinario para 2023. As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 2.500,00 e un máximo de 10.000,00 €.

Quinto. Criterios de valoración

Os criterios de valoración das solicitudes basearanse na superficie total das piscinas obxecto de actuación, segundo os datos facilitados polos concellos, e a poboación oficial do concello, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (www.ine.es), de acordo con a táboa de baremación que figura nas bases reguladoras do programa.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP da Coruña, **e rematará ás 14:00 horas do día 5 de abril 2023.**

Sétimo. Prazo de xustificación

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará ás 14:00 horas do día 01/04/2024.

Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.

ANEXO

CASTELLANO

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del “Programa de socorrismo dirigido a los ayuntamientos de menos de 50.000 habitantes del interior de la provincia de A Coruña durante el ejercicio 2023”, cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>)

Primero. Beneficiarios

Ayuntamientos del interior de la provincia de A Coruña, con población inferior a 50.000 habitantes, que posean piscinas municipales o playas fluviales.

Segundo.- Objeto

La finalidad de este programa es apoyar a los ayuntamientos del interior de la provincia de A Coruña en el mantenimiento de los gastos de la contratación de socorristas durante el ejercicio 2023 por un plazo máximo de 3 meses, considerándose como subvencionables los gastos de contratación directa del personal o, si fuera el caso, los de la externalización de la prestación del servicio.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se rige por las Bases reguladoras publicadas en el BOP núm. 50, de 14 de marzo de 2023, disponibles en https://bop.dacoruna.gal/bopoportal/publicado/2023/03/14/2023_0000001720.pdf

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación prevista asciende a un total de 306.000,00€, con cargo a la partida 0510/3412/46201 del Presupuesto ordinario para 2023. Las ayudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 2.500,00 y un máximo de 10.000,00 €.

Quinto. Criterios de valoración

Los criterios de valoración de las solicitudes se basarán en la superficie total de las piscinas objeto de actuación, según los datos facilitados por los ayuntamientos, y la población oficial del ayuntamiento, según los datos del Instituto Nacional de Estadística (www.ine.es), de acuerdo con la tabla de baremación que figura en las bases específicas.

Sexto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de convocatoria en el BOP de A Coruña, **y finalizará a las 14:00 horas del 5 de abril de 2023.**

Séptimo. Plazo de justificación

El plazo de presentación de la documentación justificativa finalizará a las 14:00 horas del día 01/04/2024.

Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.